

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS
PARA O DESENVOLVEMENTO DE CURSOS NA MODALIDADE DE TELEFORMACIÓN**

En Santiago de Compostela, asinado electrónicamente

REUNIDOS

Dunha parte, **Alfonso Rueda Valenzuela**, actuando en calidade de Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181, do 7 de setembro) ao abeiro do establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia;

Doutra, **Sonia Rodríguez-Campos González**, Directora da Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP), nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG nº 134 do 13 de xullo), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP;

doutra, **Alberto Varela Paz**, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes Estatutos da FEGAMP (aprobados pola Asemblea Xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral 29 de novembro de 2019.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o seguinte **Convenio de Colaboración**, e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Xunta de Galicia ten atribuídas competencias e funcións en materia de Administración local en virtude dos artigos 20 e 27 do Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. É desexo desta Vicepresidencia a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse maior eficacia en relación



cos temas da Administración local en xeral, segundo as funcións atribuídas polo Decreto 74/2018, do 5 de xullo, no que se establece a súa estrutura orgánica (tendo en conta a Disposición transitoria segunda do Decreto 130/2020 do 17 de setembro).

SEGUNDO.- Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins. A Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

TERCEIRO.- Que a FEGAMP é unha Asociación constituída polas Entidades Locais de Galicia que goza de personalidade xurídica plena e pública para o desenvolvemento das funcións que lle son inherentes.

O artigo 8 dos seus vixentes Estatutos establece que no exercicio das atribucións que ten conferidas gozará de capacidade para subscribir convenios.

CUARTO.- Que todas as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo a través deste convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose todas as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a EGAP e a FEGAMP é facilitar aos entes locais de Galicia o desenvolvemento de cursos na modalidade de teleformación mediante a cesión parcial do uso da plataforma de teleformación da EGAP á FEGAMP co gallo de actuar da forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de todas as partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.



SEGUNDA. Ámbito de aplicación subxectivo

Este convenio é extensible a toda a Administración local de Galicia, incluíndo as entidades locais territoriais e as non territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

TERCEIRA. Efectos do convenio e adhesión

Este convenio constitúe o marco xurídico dentro do cal as entidades locais poderán asinar a súa adhesión mediante o modelo que figura como anexo I ao convenio.

CUARTA.- Dereitos e obrigas

1. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo a través da Dirección Xeral de Administración Local, a EGAP e a FEGAMP, en virtude do disposto neste convenio, asumen os seguintes dereitos e obrigas:

1º A Dirección Xeral de Administración Local:

- a) Recibir información das distintas entidades locais que se adhiran ao convenio e dos cursos que se executen ao abeiro deste instrumento.
- b) Colaborar coa EGAP na detección de necesidades formativas no eido local.

2º A EGAP:

- a) Ceder o uso da súa plataforma de teleformación á FEGAMP e a todas as entidades locais de Galicia que formulen a súa adhesión a este convenio.
- b) Administrar o acceso á plataforma de teleformación de xeito que se garanta que esta funciona correctamente.
- c) Facilitar á FEGAMP os manuais de uso e as guías que teña aprobadas para a xestión da plataforma.
- d) Dar soporte técnico tendo en conta que este ofrecerase en dous niveis de atención:

- Nivel 1: será executado e realizado polo persoal técnico do ente local organizador do curso que será o que deberá atender as peticións dos titores e xestores dos cursos.

- Nivel 2: será executado polo persoal técnico da EGAP que atenderá, mediante o procedemento de xestión de avisos que se articule, as incidencias que non poidan ser resoltas polo nivel 1 e que serán formuladas unicamente polo persoal técnico a que se refire o anterior apartado.



e) Facilitar á Dirección Xeral de Administración Local información relativa aos cursos que se executen ao abeiro deste convenio.

3º A FEGAMP:

a) Difundir entre todas as entidades locais de Galicia as características maillo texto do convenio e do marco de colaboración que del se deriva, informándoas do procedemento que se estableza para a súa adhesión e para o acceso e o uso da plataforma.

b) Distribuír entre aquelas entidades locais que se adhiran os manuais e as guías de uso da plataforma que previamente lle teña entregado a EGAP.

c) Informar á EGAP e á Dirección Xeral de Administración Local acerca das distintas adhesións que se produzan.

d) Levar a cabo as labores de intermediación entre a EGAP e as entidades locais adheridas cando estea dentro dos seus fins.

2. Pola súa parte, as entidades locais que se adhiran a este convenio asumen a obriga de facer un uso axeitado da plataforma de teleformación da EGAP de conformidade coas directrices que este organismo faga constar nas súas guías e manuais de usuario.

QUINTA.- Establecemento dunha Comisión de Seguimento

Para o debido seguimento das actividades derivadas deste convenio, incluída a posible revisión, modificación, adecuación ou actualización do convenio, establecerase unha Comisión de Seguimento, á que corresponderá a concreción, o seguimento, a interpretación e a avaliación das accións derivadas deste instrumento.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo unha persoa titular do posto de subdirección xeral e unha persoa con nivel mínimo de xefatura de servizo na Dirección Xeral de Administración Local que designe a persoa titular deste centro directivo ou persoas en que deleguen; por parte da EGAP, a persoa responsable da secretaría xeral e un xefe ou xefa de servizo da mesma que designe a súa directora, ou persoas en quen deleguen; e por parte da FEGAMP a persoa responsable da súa dirección xeral e a responsable da súa secretaría xeral ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións desta Comisión Mixta de Seguimento:

- 1.- Velar polo cumprimento do convenio.



- 2.- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas deste convenio.
- 3.- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- 4.- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- 5.- En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, lle atribúe o órgano de vixilancia e control.

SEXTA.- Orzamento

A sinatura deste convenio non implica, por parte da Xunta de Galicia, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio corrente.

A FEGAMP e as entidades locais de Galicia que se adhiran ao convenio asumirán, con cargo aos seus propios orzamentos, as accións que se deriven da execución deste convenio.

SÉTIMA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades que se deriven deste convenio e a EGAP.

OITAVA.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre os cursos que sexan impartidos ao abeiro deste convenio, son titularidade do ente local que os organice. Porén, os contidos dos ditos cursos serán accesibles para a EGAP quen, en virtude deste convenio, poderá empregalos na súa propia oferta formativa, previa posta en coñecemento da dita cesión a quen corresponda a súa titularidade.

NOVENA.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio

A modificación deste convenio requirirá a conformidade de todas as partes asinantes, e formalizarase mediante a subscrición da correspondente addenda ao presente convenio.

Así mesmo, poderán denunciar este convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.



Este convenio poderá extinguirse, cos efectos que legalmente procedan, polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén, ou por outras causas de invalidez.

DÉCIMA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas, polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto polas normas de dereito privado.

En especial, o convenio queda suxeito ao Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57; á Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, en especial aos seus artigos 194.1, 195, letra h, e 199, así como ao establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire a publicidade deste convenio.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución deste convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na súa cláusula quinta.

De conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do sector público autonómico, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdicional do contencioso-administrativo.

UNDÉCIMA.- Consentimento das partes en materia de protección de datos/ Publicidade do convenio

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mailo resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta e nos portais oficiais das entidades locais adheridas.



Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas deste consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

As entidades locais que se adhiran a este convenio consenten a inclusión dos datos relevantes deste convenio e os seus protocolos de adhesión no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, conforme ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006.

DUODÉCIMA.- Vixencia

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2021, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo e sen prexuízo de que se acorde expresamente polas partes a súa prórroga mediante a subscrición dunha addenda cando menos con dous meses de antelación á data de finalización do prazo de vixencia.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscribíbase, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O vicepresidente primeiro e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Turismo,

A directora da Escola Galega de
Administración Pública,

D. Alfonso Rueda Valenzuela

Sonia Rodríguez-Campos González

O presidente da Federación Galega de
Municipios e Provincias,

Alberto Varela Paz



ANEXO I PROTOCOLO DE ADHESIÓN

D./Dona (nome e cargo), en representación de (Entidade Local),

DECLARA:

Que segundo _____ o _____ disposto no _____
(artigo relativo competencia representar entidade), en virtude do acordo
_____ adoptado _____ en _____ (_____
órgano e data no que se acorda a adhesión), órgano competente segundo _____ o _____
_____ disposto no _____ (_____
artigo relativo competencia órgano toma decisión) SOLICITA a adhesión ao
Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza, a EGAP e a FEGAMP para o desenvolvemento de cursos
das entidades locais de Galicia na modalidade de teleformación, e, en consecuencia,

MANIFESTA:

A vontade de (entidade local) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das
cláusulas do convenio mencionado, asumindo as abrigas e compromisos derivados do mesmo
e con suxeición plena a todas elas.

(Lugar, data e sinatura)

